




DE RECARÉ AOS PENIDOS

Adela Leiro, Mon Daporta
xuño 2017



Distancia: 7 a 8 km (ida e volta)
Dificultade: media-baixa
Duración: 3 horas



Pica da árbores (*Anthus trivialis*), un paxaro de espazos abertos que aniña no chan.


Unha viaxe ata o Xistral do Valadouro para gozar dos amplos espazos abertos e fermosas panorámicas que abranguen, nos 360º, toda a serra do Xistral, os montes de Montemaior e o Buiro, o Valadouro, a Frouxeira e puntos da costa do Cantábrico, e a serra da Toxiza; ao que hai que engadir aspectos histórico-culturais e lendarios como o dolme ou arca do Padorno, ao pé do curro de San Tomé, e o Prado das Chantas, un espazo circular rodeado en case todo o seu perímetro de pedras fincadas de ata 1 m de altura, no que está en discusión se son os restos dun vello curro ou un dos poucos círculos líticos que se conservan en Galiza, e camiñar, entre breixos, polos carreiros do gando, ata o cumo do Penido.

Hai unha ruta sinalizada, "Ruta do Penido", desde Ferreira ata o Prado das Chantas, lineal de case 9 km, con indicadores nos lugares máis destacados do percorrido. Pero aqueles que non dispoñan de tempo ou de ansia para facer toda a camiñada pódense achegar en coche ata o curro de San Tomé e máis arriba, perderáanse, a non ser que fagan as paradas pertinentes, algún dos lugares de interese, pero poderán gozar desde o noso particular punto de vista, de sermos máis amigos dos carreiros do monte que das estradas, dos máis curiosos e interesantes e poderán empregar o tempo en alongar a camiñada polos cumes e ver de preto as formacións rochosas e as turbeiras, e con calma e desde o alto as panorámicas.

PERCORRIDO

Saíndo de Ferreira pola estrada que vai polo Cadramón a Abadín chegamos, en 3,5 km, á localidade das Naranxeiras, alí un desvío á dereita, no que xa hai un indicador de curro de San Tomé, lévanos sen perda ao lugar xa que os demais cruzamentos que atopemos no traxecto tamén están sinalizados con indicadores semellantes. No curro remata a pista asfaltada que logo, de terra, segue dous quilómetros máis adiante ata o pé do Penido do que só nos separan os algo máis de 200 m de desnivel e uns 600 m en liña recta que se converten en case 2 km se camiñamos en zigzag como hai que facelo para rebaixar no posible as fortes pendentes.





Prado das Chantas



Curro de San Tomé de Recaré



Dolme de San Tomé de Recaré



Os Penidos desde o Prado das Chantas